
Xosé Ramón Freixeiro Mato, *Os marcadores discursivos. Conectores contraargumentativos no galego escrito*. Monografía 3 da *Revista Galega de Filoloxía*, A Coruña, Area de Filoloxías Galega e Portuguesa da Universidade da Coruña, 2005, 283 páxinas

Os marcadores discursivos. Conectores contraargumentativos no galego escrito, do profesor Xosé Ramón Freixeiro Mato, constitúe a terceira monografía da *Revista Galega de Filoloxía* publicada en 2005. Por ser a primeira obra que se introduce nun campo até o momento esquecido polos estudosos galegos –o dos marcadores discursivos– e pola súa rigorosidade científica foi galardoada na modalidade de Investigación no “XXIX Premio da Crítica de Galicia” no ano 2006.

Un dos obxectivos deste libro é o de comezar a encher o baleiro existente na lingüística galega no referente ás unidades lingüísticas que actúan fóra do marco puramente oracional. Así, Freixeiro Mato realiza unha exhaustiva investigación sobre os marcadores discursivos –centrándose primordialmente nos conectores contraargumentativos– a través da análise de distintos textos escritos, sendo consciente, tal e como sinala na “Nota preliminar” (p. 5), de que “un estudo profundo destas unidades lingüísticas precisaría da existencia dun corpus de galego oral importante, pois é no ámbito da oralidade onde estes marcadores máis son utilizados”. Con todo, os documentos analizados achegan información valiosa para realizar unha primeira aproximación ao estudo dos conectores contraargumentativos no galego. Algún tempo despois da súa publicación, segue a ser o traballo máis completo, aínda que tamén é certo que timidamente comezan a aflorar estudos sobre partículas concretas. Deste modo, entre outros, destacamos o realizado por Domínguez Portela (2006) sobre o marcador *pois*, que vén complementar algúns existentes antes da publicación desta monografía, así como tamén o desenvolvido por Fernández Ferreiro (2002) sobre os usos de *pero*. Alén destes, cómpre indicarmos que Freixeiro Mato xa sacara á luz un outro traballo pioneiro, *Gramática do Texto* (2003), que ao igual que a obra que aquí presentamos supuxo un grande avance no estudo da lingua galega, sen nos esquecermos dos artigos que publicou en diversas revistas sobre os marcadores discursivos (2005a) e (2005b).

O libro componse de seis capítulos, ao que seguen as “Referencias bibliográficas” (p. 263-278) e o “Desenvolvemento das abreviaturas utilizadas para os textos” (p. 279-283). Comeza a obra expondo as distintas e diversas perspectivas teóricas que impulsaron o estudo dos marcadores discursivos antes de nos mostrar, a través da análise dun extenso corpus de textos escritos, as partículas que actúan no galego. Finalmente, introdúcenos nas unidades protagonistas deste libro, os

conectores contraargumentativos, atendendo non só as funcións que na actualidade desenvolven, mais tamén as mudanzas que foron experimentando ao longo da nosa historia por diversos motivos.

Na primeira parte, “Introdución” (p. 7-12), o autor, alén de anunciar algunhas das cuestións que posteriormente serán tratadas, pon de relevo a necesidade de estudar e coñecer estas unidades lingüísticas que até o de agora foron practicamente invisíbeis na lingüística galega, ao contrario do que acontece en linguas da nosa contorna.

No segundo capítulo, “Perspectivas teóricas para o estudo dos marcadores discursivos” (p. 13-51), X. R. Freixeiro Mato mostra de modo rigoroso e accesíbel as investigacións que impeleron e contribuíron ao estudo dos marcadores discursivos, atendendo por tanto as teorías desenvolvidas dentro do ámbito da pragmática e da lingüística textual. Comeza coa presentación das achegas que Grice (1975) forneceu ao mundo da lingüística, entre as cales destacan o principio de cooperación e as máximas conversacionais, para nos levar até o concepto de implicatura, que é posto en relación cos marcadores discursivos (p. 13-19). A seguir analiza detalladamente a Teoría da Relevancia, expondo as bases en que esta asenta para a vincular, de novo, coas partículas protagonistas deste traballo (p. 21-32), ao igual que fai cos postulados achegados pola Teoría da Argumentación (p. 19-51). Cómpre sinalarmos, a este respecto, que Freixeiro Mato non se limita unicamente a realizar unha enumeración das principais investigacións lingüísticas, senón que a exposición destas é o punto de partida para vermos como contribuíron ao estudo dos marcadores discursivos.

Após o percorrido polas diferentes perspectivas lingüísticas, no terceiro capítulo “Os marcadores discursivos” (p. 53-83), focará a súa atención nas dificultades achadas para definir, delimitar e clasificar estas unidades lingüísticas. O título desta obra xa pon de manifesto a escolla terminolóxica de X. R. Freixeiro Mato, quen opta pola denominación “marcadores discursivos” a cal, como sinala na súa *Gramática do Texto* (2003: 140), tivo unha forte acollida desde a publicación de *Discourse Markers* da lingüista estadounidense Schiffrin (1987). Estes son definidos polo autor da monografía que comentamos aquí como “unidades lingüísticas invariábeis que, sen desempeñaren unha función sintáctica dentro da cláusula, guían o proceso inferencial que se produce na comunicación, posibilitando desta forma a adecuada interpretación do texto” (p. 58).

Unha outra dificultade a que se enfrontan os estudosos é a caracterización e adscrición gramatical destas partículas discursivas. Así o mostra Freixeiro Mato na epígrafe “3.2. Delimitación e caracterización” (p. 58-77), onde máis unha vez, após presentar a opinión que outros lingüistas verteron sobre o tema, describe porminorizadamente os marcadores do discurso. Conclúe o capítulo ofrecendo as clasificacións que até a actualidade se ofreceron, destacando e adoptando “a clasificación de Portolés

para o estudo dos marcadores discursivos en galego, prestando tamén atención, por criterios pragmáticos, á clasificación que establece Montolío para os conectores contraargumentativos” (p. 83).

No cuarto capítulo centra a súa atención nos marcadores discursivos galegos (p. 85-170). Inicia este apartado cunha viaxe pola nosa historia gramatical para nos mostrar a problemática que os estudosos acharon para tentaren ofrecer unha caracterización destas partículas, a comezar pola análise da *Gramática Gallega* de Saco Arce (1868) e terminando coa *Gramática da Lingua galega* de Álvarez / Xove (2002). A través das palabras que aparecen baixo a epígrafe “4.1. Marcadores e outras unidades extraoracionais na tradición lingüística galega” (p. 85-94) observamos como os gramáticos galegos, aínda sen se referiren explicitamente aos marcadores discursivos, atribúen usos pragmáticos a moitas unidades lingüísticas, especialmente a aquelas palabras que desde a tradición latina suscitaron unha maior diversidade de pareceres: interxeccións, conxuncións e adverbios.

A seguir, ofrécenos unha clasificación dos marcadores discursivos galegos, reunidos en cinco grandes grupos: Estruturadores da información, Conectores, Reformuladores, Operadores discursivos e Marcadores discursivos de control de contacto. Cómpre destacarmos non só a acertada definición e clasificación de cada un destes, senón tamén os exemplos propostos, pois son máis unha mostra da vitalidade que estas partículas teñen –e tiñan– no discurso galego.

Termina este capítulo atendendo as interferencias (p. 110-170) que debido ás vicisitudes da nosa historia se producen neste ámbito. Distingue entre os marcadores discursivos tirados directamente do español (*bueno, o sea, vamos, sin embargo, hombre, en primer lugar, de todas formas* etc.), os parcialmente adaptados ao galego (*é decir* ou *quere decir, de todos xeitos, mentras, anque* etc.), os marcadores de dubidosa galegitude (*entonces, sen embargo, en cambio, esto é, pero* etc.), os marcadores que alternan formas coincidentes co castelán de uso maioritario e outras diferencialistas (*en efecto/con efecto, con respecto a/a respecto de, en realidade/na realidade* etc.), os marcadores plenamente galegos mais preteridos no uso normal (*porén, en canto, até* etc.) e os sinais conversacionais calcados do español (*veña, vale* etc.) (p. 111). De todas estas partículas discursivas analiza a seguir as que infelizmente maior presenza teñen na nosa lingua: *bueno/boeno, entonces, vamos (a) ver* etc. Este tema ten sido protagonista dalgún outro traballo do propio Freixeiro Mato (2006), así como doutros estudosos como, por exemplo, Thomas (2008) que estuda os usos do “castelanismo pragmático” *bueno*.

O seguinte capítulo, o máis breve do libro, funciona de ponte para nos introducir nos conectores contraargumentativos que, xunto cos aditivos e consecutivos, conforman o conxunto dos conectores galegos. Estes son definidos por Freixeiro Mato como “grupo particular de marcadores discursivos cuxa función específica é a

de vincularen, ou conectaren, semántica e pragmaticamente un membro do discurso con outro anterior ou cunha situación textual facilmente accesíbel” (p. 171).

Na sexta e última parte, “Os conectores contraargumentativos” (p. 183-261), alén de completar a información exposta na epígrafe 4.2. (p. 100-104), realiza un estudo das unidades que constitúen este grupo. Comeza atendendo as partículas *mais*, *pero*, *pro* e *porén*, das que fai unha análise do punto de vista diacrónico, desde as súas orixes no galego-portugués medieval até a etapa actual. Baixo a epígrafe “6.2. Outros conectores introdutores de argumentos fortes” (p. 198-238) inclúe Freixeiro Mato partículas como *non obstante*, *sen embargo* e *nembargantes*; *antes (ben)*, *ora (ben)* e *máis (ben)*; *así e todo*, *con todo*, *aínda así*, *no entanto*, *iso si e emporiso*; *en troca* ou *en troques*. Non realiza unicamente a súa descrición pragmática, senón que a través do percorrido por distintos textos escritos fai referencia ás mudanzas de uso que estes sufriron ao longo da historia debido á presión do español. “Conectores que introducen argumentos fracos” (p. 238-257) é o seguinte grupo analizado tras unha caracterización das estruturas adversativas e concesivas. Examinanse nesta epígrafe as seguintes partículas: *aínda que* e *anque*; *a pesar de (que)* e *pese a (que)*; e outros conectores concesivos como *mais que*, *se ben*, *malia (que)* ou *embora*. Xa por último, cerran este capítulo os conectores que funcionan como “supresores de relevancia”: *de todas as maneiras*, *de todas as formas* etc. (p. 257-261).

Por todo o exposto consideramos que esta obra é de interese especial para todas aquelas persoas que pretenderen achegarse aos marcadores discursivos, que até o de agora foron os “parentes pobres” da lingüística galega. Grazas a traballos como o de Freixeiro Mato estas lagoas comezan a se encher e máis unha vez este autor contribúe á nosa historia lingüística cun traballo imprescindible que debe supor o punto de partida de calquera pesquisa sobre os marcadores discursivos do galego. Esta obra supuxo, e supón, un antes e un despois no estudo da lingua desde a perspectiva extraoracional, pois a lingua é un instrumento de comunicación en que, alén doutros elementos, os marcadores discursivos xogan un papel relevante que non debe ficar no esquecemento. Só se estudamos e coñecemos cal é a función de cada unha destas partículas, poderemos “erradicar” da nosa lingua o emprego das interferencias lingüísticas que non fan máis que empobreceren e desvalorizaren o galego.

Marisa Moreda Leirado
Universidade da Coruña

Referencias bibliográficas

- Álvarez, R. / Xove, X. (2002): *Gramática da Lingua Galega* (Vigo: Galaxia).
- Domínguez Portela, S. (2006): “*Pois*: dende a conxunción ó marcador discursivo”. *Cadernos de lingua*, 28: 145-174.
- Fernández Ferreiro, M. (2002): “Marcadores do discurso e cognición: o caso de *pero*”, en Fernández Roca, X. A. / Martínez López, M. J. (eds.), *Vir bonus docendi peritus. Homenaxe a José Pérez Riesco*: 65-83 (A Coruña: Facultade de Filoloxía / Universidade da Coruña).
- Freixeiro Mato, X. R. (2003): *Gramática da Lingua Galega*. IV. *Gramática do Texto* (Vigo: A Nosa Terra).
- Freixeiro Mato, X. R. (2005a): “Mudanzas e interferencia no sistema de conectores concesivos do galego escrito moderno”, *Revista Galega de Filoloxía*, 6: 169-180.
- Freixeiro Mato, X. R. (2005b): “*Non obstante, sen embargo, nembargante(s)* e outros adverbios conectores do galego escrito: perspectiva diacrónica e uso actual”, *Verba*, 32: 247-274.
- Freixeiro Mato, X. R. (2006): “A interferencia nos marcadores discursivos do galego”, *Actes del VII Congrés de Lingüística General (del 18 al 21 d'abril de 2006)* (Barcelona: Universitat de Barcelona) [dispoñíbel en www.ub.edu/ling/clg7].
- Grice, P. (1975): “Logic and conversation”, en Cold, P. / Morgan, J. (eds.), *Syntax and Semantics*. Vol. 3: 41-58 (New York: Academic Press).
- Saco Arce, J. A. (1868): *Gramática Gallega* (Lugo: Imprenta de Soto Freire).
- Schiffrin, D. (1987): *Discourse markers* (Cambridge: Cambridge University Press).
- Thomas, J. A. (2008): “«Bueno», a Pragmatic Castilianism in Galician”, en Westmoreland, M. / Thomas, J. A. (eds.), *Selected Proceedings of the 4th Workshop on Spanish Sociolinguistics*: 131-139 (Somerville: Cascadilla Proceedings Project).